

CAMPAVERÁN ERAXÓVERÁN

(conciliación familiar)

2023

Diseño: Víctor Suárez - UnProgramaMadrado

BASES

BASES DA CONVOCATORIA DE CAMPAVERÁN E RAXÓVERÁN 2023

1. OBXECTO

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación en Campa Verán e Raxó Verán, campamentos que se desenvolverán durante os meses de xullo e agosto de 2023, no concello de Poio, facilitando a conciliación da vida familiar e laboral.

Estes campamentos de verán teñen por obxecto ofrecer unha alternativa de ocio para as nenas e nenos, nun espazo e tempo para desenvolver actividades de carácter lúdico como manualidades, obradoiros de refugallo, actividades deportivas...

Nun contexto educativo, o desenvolvemento deste servizo permite o fomento da participación social, a integración, a convivencia, a solidariedade e o desenvolvemento das/os escolares a través de actividades de ocio saudables que responden a criterios e valores educativos.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

As persoas destinatarias dos campamentos Campa Verán e Raxó Verán serán aqueles nenos e nenas nadas/os **entre os anos 2011 e 2019 (ambos inclusive)**.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Para poder optar a praza nestes campamentos, as familias solicitantes deberán cumprir con algún dos seguintes **requirimentos**:

- a) nenos/as con padrón neste concello.
- b) nenos/as con matrícula nun centro de ensino deste municipio.
- c) familias residentes fóra do municipio que acrediten, un ou os dous proxenitores, ter posto de traballo en Poio.

4. DATAS DE REALIZACIÓN E HORARIO

A actividade desenvolverase entre o 1 de xullo e o 31 de agosto (agás sábados, domingos e festivos), en dúas quendas mensuais segundo se detalla:

- Quenda da 1ª quincena do mes de xullo: do 1 ao 15 de xullo.
- Quenda da 2ª quincena do mes de xullo: do 16 ao 31 de xullo.
- Quenda da 1ª quincena do mes de agosto: do 1 ao 15 de agosto.
- Quenda da 2ª quincena do mes de agosto: do 16 ao 31 de agosto.

Os **horarios** establecidos serán os seguintes:

CAMPA VERÁN: de luns a venres, de 07:30 a 15:00 horas.

RAXÓ VERÁN: de luns a venres, de 07:30 a 15:00 horas.

Co fin de evitar a concentración de persoas, estableceranse diferentes franxas horarias para que a entrada e/ou saída se faga de xeito graduado, e que deberá indicarse na solicitude.

5. NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

O programa CAMPA VERÁN ofertará un total 600 prazas, distribuídas en 150 prazas cada quenda dos meses de xullo e agosto. As actividades deste programa realizaranse no CEIP Isidora Riestra (Camiño da Reiboa 10, San Xoán).

O programa RAXÓ VERÁN ofertará un total 180 prazas, distribuídas en 45 prazas por cada unha das quendas dos meses de xullo e agosto. As actividades deste programa levaranse a cabo no CEIP Espedregada (Camiño da Serpe 3, Raxó).

	1ª quenda xullo	2ª quenda xullo	1ª quenda agosto	2ª quenda agosto
CEIP ISADORA RIESTRA	150 prazas	150 prazas	150 prazas	150 prazas
CEIP ESPEDREGADA	45 prazas	45 prazas	45 prazas	45 prazas

6. PREZOS

Os prezos públicos, aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Poio, son os seguintes.

COTA POR CADA QUENDA	CAMPA VERÁN	RAXÓ VERÁN
1ª filla/o inscrita/o	30,00 €	30,00 €
2ª filla/o inscrita/o	20,00 €	20,00 €
3ª filla/o inscrita/o	10,00 €	10,00 €
4ª filla/o inscrita/o	De balde	De balde

7. INSCRICIÓNS

As **solicitudes de inscrición** poderán presentarse a través da [Sede Electrónica](#), aberta as 24 horas ou ben con [cita previa no Rexistro Xeral do Concello de Poio](#), en impreso normalizado para este fin, xuntándose a documentación que se relaciona no impreso.

O prazo para presentar as **SOLICITUDES** comezará o día 10 de maio e rematará o día 23 de maio de 2023 (ambos inclusive).

8. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

A selección de participantes farase **por orde de inscrición** ata cubrir as prazas ofertadas. O concello de Poio reservará unha praza por quenda no campamento de Campa Verán para usuarios/as dos Servizos Sociais e CIM do Concello de Poio, previo informe da profesional correspondente.

9. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRIPCIÓN



- Solicitud de inscrición ([DESCARGAR FORMULARIO INTERACTIVO](#)).
 - Fotocopia do DNI da nai, pai ou titor/a legal.
 - Fotocopia da Tarxeta Sanitaria da/o nena/o.
 - Fotocopia DNI ou Libro de Familia do/a neno/a.
 - Fotografía tamaño carné da/o neno/a.
 - Certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a nun centro educativo de Poio (soamente no caso de non estar empadroadado/a)
 - As familias residentes fóra do municipio, pero con posto de traballo en Poio, deberán presentar ademais da documentación anteriormente indicada, aquela que acredite que o seu posto de traballo está no municipio de Poio.
 - Autorización das persoas que poden recoller as nenas e nenos no campamento.
- Outra documentación: calquera outra documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade, no seu caso.

A ter en conta:

Cada participante poderá inscribirse en tantas quendas como desexe.

A organización comprobará de oficio o empadramento da/do nena/o no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Poio.

10. PROCESO DE SELECCIÓN

A selección de participantes farase por orde de inscrición ata cubrir as prazas ofertadas, segundo o previsto no punto 8 destas bases. O procedemento será o seguinte:

Publicación da **LISTAXE PROVISIONAL** de persoas admitidas o día 5 de xuño na localización web do [taboleiro de anuncios do Concello](#).

Para **EMENDA DE ERROS** ou falta de documentación, presentación de reclamacións ou renuncias o prazo será os días 6 e 7 de xuño (ambos inclusive).

Resoltas as reclamacións e vistas as renuncias presentadas, procederase á publicación da **LISTAXE DEFINITIVA** de persoas admitidas e da **LISTAXE DE AGARDA** coas persoas excluídas que se publicará o día 12 de xuño, na localización web do [taboleiro de anuncios do Concello](#).

De producirse baixas na actividade, os/as nenos/as accederán ao campamento seguindo a orde da listaxe definitiva publicada o día 12/06/2023, o que será debidamente notificado ás familias.

A estes efectos terase en conta o disposto na disposición adicional sétima da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

11. CONFIRMACIÓN DA PRAZA

A confirmación da praza farase previo **PAGAMENTO DA MATRÍCULA** na conta bancaria titularidade do Concello de Poio, ES68-2080-5419-9630-4011-5346 (ABANCA), indicando no concepto:

- Campamento elixido (Campa Verán ou Raxó Verán)
- Nome e apelidos da/o menor
- Quendas nas que se inscribe.

Os documentos de pagamento serán individualizados para cada menor; tamén no caso de irmás ou irmáns.

Disporá de 2 días hábiles, o 13 e 14 de xuño de 2023 (ambos inclusive), para efectuar o pagamento e remitir xustificante mediante correo electrónico a educacion@concellopoio.gal ou de xeito presencial no departamento de Cultura e Educación.

No caso de non remitir o xustificante de pagamento no prazo sinalado, entenderase como **RENUNCIA**, e a lista correrá segundo a orde da listaxe definitiva de admitidos/as.

Se unha vez obtida a praza e aboada a cota de inscrición, o/a participante non puidera asistir á actividade, non terá dereito a devolución da cota e entrará o seguinte neno/a en reserva.

Soamente se contemplará a devolución do importe da inscrición nos seguintes casos, debendo solicitálo por escrito :

- Que se cancelen as actividades por non acadar o número mínimo de asistentes.
- Que a persoa solicitante renuncie por obter praza noutro campamento organizado polo Concello de Poio, (deberá achegar o xustificante de pagamento).
- No caso de que a persoa interesada non puidese asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificadas:
 - Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)
 - Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dunha ou dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar a xustificación do motivo)
 - Que o programa non se poida realizar por crise sanitaria.



12. PUBLICIDADE

As presentes bases e A de admitidas/os, seleccionados/as e de agarda publicarase na localización web do [taboleiro de anuncios do Concello](#) e no [portal de transparencia](#).

A estes efectos terase en conta o disposto na disposición adicional sétima da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

13. FINANCIACIÓN E CUSTO DO SERVIZO

A prestación dos servizos de CAMPA VERÁN e RAXÓ VERÁN teñen un custo de 53.871,68 € euros (IVE engadido), que se sufragará en parte polas tarifas abonadas polas/os usuarias/os da actividade. A diferenza entre o recadado e o custo do servizo será asumido polo Concello de Poio, tendo en conta o seu interese público dende a perspectiva da conciliación da vida laboral e familiar, así como do interese social e cultural dos programas.

14. INTERPRETACIÓN DAS BASES

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Educación.


15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na [información adicional sobre Protección de Datos na páxina web do Concello de Poio](#).



CONCELLO
DE POIO
Concellería de Educación



RAXÓVERÁN
CAMPAVERÁN

2023